



Guía Docente				
Datos Identificativos				2017/18
Asignatura (*)	Relacións internacionais	Código	615G01204	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Segundo	Formación básica	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Dereito Público			
Coordinación	Mkrtichyan , Artak	Correo electrónico	a.mkrtichyan@udc.es	
Profesorado	Mkrtichyan , Artak	Correo electrónico	a.mkrtichyan@udc.es	
Web				
Descrición xeral	<p>O obxectivo da docencia das Relacións Internacionais consiste en posibilitar o ensino e a aprendizaxe sistemáticas da estrutura -actores e factores- e da dinámica ?interaccións- da Sociedade internacional, facilitando a comprensión entre os alumnos dos problemas básicos que a rodean.</p> <p>As Relacións Internacionais preséntanse ó alumno mediante unha aproximación histórico-sociolóxica, de xeito que poida apreender eficazmente, a través de acontecementos históricos e sociolóxicos, os conceptos centrais da disciplina, así como comprender as principais aproximacións teóricas ás Relacións Internacionais e a súa utilidade para entender e interpretar a estrutura e a dinámica da sociedade internacional contemporánea.</p> <p>Asemade, realizárase unha aproximación axiolóxica ás Relacións Internacionais, coa finalidade de procurar unha constante valoración e espírito crítico na conciencia do alumno. Desde logo, a dimensión finalista da actividade docente conduce a que o ensino non se reduza a unha descrición da Sociedade internacional, se non que debe facerse reflexionar ó alumno sobre o conxunto de valores que inspiran as Relacións Internacionais e ós que aspira a propia Sociedade internacional, especialmente, na súa dimensión de transición cara a unha Comunidade internacional. Deste xeito, ó ensinar e difundir as Relacións Internacionais preténdese contribuír a facer avanzar a Sociedade internacional e os suxeitos que a integran na vía da paz e da solidariedade.</p> <p>Tendo en conta ou contido esencial da disciplina científica, a súa docencia exponse desde unha visión realista pero co firme propósito de facer partícipe ó alumno dos valores que inspiran a Sociedade internacional, apuntando, cando sexa posible, suxestións para a súa mellora e insistindo, sobre todo, non respecto deses valores e no cumprimento das normas que os recoñecen e protexen. Neste contexto, sitúase unha das funcións máis importantes da docencia das Relacións Internacionais: demostrar e convencer ós estudantes de que esta é unha disciplina cada vez máis relevante na formación de todo sociólogo, e que tomen conciencia da perspectiva internacional que lles confire o coñecemento das Relacións Internacionais, como elemento imprescindible nun mundo cada vez máis interdependente e globalizado, e cunha incidencia directa na vida diaria dos individuos indistintamente do grupo social ó que pertencen.</p> <p>A función docente universitaria, na que se combina unha función informativa e outra formativa, debe servir para formar sociólogos que poidan atopar saídas profesionais vinculadas cos seus estudos, pero, sobre todo, tamén debe servir para formar e potenciar as capacidades intelectuais dos estudantes para que poidan e saiban afrontar de xeito crítico os valores e as actitudes sociais que se desenvolven nas sociedades nacionais, comunitaria e internacional das que eles forman parte.</p> <p>Neste sentido, e a través da lectura, estudo e entendimento de libros e artigos sobre temas internacionais, preténdese desenvolver as capacidades analítica, reflexiva e deductiva do alumno, que deberá ser capaz de expresar con propiedade e de xeito razoado, oralmente e por escrito, argumentos sobre a realidade internacional que cheguen máis alá do simple dato ou feito.</p>			



Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Realizar un análisis crítico de las transformaciones y evolución que tienen lugar en las sociedades contemporáneas.	A8		
Organizar trabajos prácticos en grupos mixtos de estudiantes nacionales y extranjeros.	A33		
Organizar y planificar el tiempo en función del marco temporal establecido.		B1	
Incorporar el contexto global e internacional para entender y analizar los fenómenos sociales.		B26	
Describir y analizar las cuestiones planteadas de la materia desde un enfoque internacional.		B3 B15	
Definir y debatir de modo crítico los problemas los problemas sociales y culturales en ámbito internacional	A36		
Manejar las herramientas tecnológicas en realización de los trabajos prácticos.			C3
Realizar los trabajos prácticos y el examen final en idiomas oficiales de la comunidad autónoma.			C1
Determinar, analizar y buscar soluciones de problemas contemporáneas internacionales sobre la base de los valores democráticos y de la solidaridad.			C4

Contidos	
Temas	Subtemas
- PARTE I ? A SOCIEDADE INTERNACIONAL Lección 1. A Sociedade internacional como obxecto das Relacións Internacionais	Lección 1. A Sociedade internacional como obxecto das Relacións Internacionais 1. As Relacións Internacionais: fundamentos teóricos e conceptuais 2. A Sociedade internacional: concepto, formación e evolución 3. O sistema internacional como instrumento de análise da Sociedade internacional. A) Estrutura do sistema internacional: actores e factores internacionais B) Dinámica do sistema internacional: interaccións entre actores e factores



- PARTE II -

OS ACTORES DAS RELACIÓNS INTERNACIONAIS

A) OS SUXEITOS INTERNACIONAIS

Lección 2. Os Estados.

Lección 3. As Organizacións Internacionais.

Lección 4. As Nacións Unidas.

Lección 5. A Unión Europea

B) OUTROS ACTORES INTERNACIONAIS

Lección 6. O individuo e a opinión pública internacional.

Lección 7. As Organizacións Non Governamentais (ONG).

Lección 8. As Empresas Transnacionais (ET)

A) OS SUXEITOS INTERNACIONAIS

Lección 2. Os Estados.

1. O Estado como actor e como suxeito internacional.

2. Os elementos constitutivos do Estado soberano.

3. A distribución do poder na Sociedade internacional: a noción de ?potencia?.

Lección 3. As Organizacións Internacionais.

1. Antecedentes e evolución histórica.

2. Concepto e clases.

3. Personalidade internacional, estrutura e formación da vontade.

Lección 4. As Nacións Unidas.

1. Propósitos e principios.

2. Membros

3. Estrutura institucional.

4. Principais funcións da Nacións Unidas

A) A descolonización.

B) O mantemento da paz e a seguridade internacionais.

C) O desenvolvemento.

5. Os Organismos especializados das Nacións Unidas.

Lección 5. A Unión Europea

1. Orixes e evolución.

2. Institucións e órganos comunitarios.

3. O sistema de normas e actos.

4. Políticas e accións da Unión Europea

B) OUTROS ACTORES INTERNACIONAIS

Lección 6. O individuo e a opinión pública internacional.

1. O individuo e o seu papel nas Relacións Internacionais.

A) A subjetividade internacional do individuo.

a) A capacidade de actuar ante órganos internacionais.

b) A responsabilidade internacional do individuo. Especial referencia á xurisdición penal internacional.

2. A opinión pública internacional e a súa incidencia nas Relacións Internacionais.

Lección 7. As Organizacións Non Governamentais (ONG).

1. Evolución e desenvolvemento histórico

2. Concepto e características

3. O papel das ONG nas relacións internacionais: os seus grandes obxectivos.

4. As relacións das ONG con outros actores internacionais

Lección 8. As Empresas Transnacionais (ET)

1. Evolución e desenvolvemento histórico.

2. Concepto e características.

3. Os efectos das ET na Sociedade internacional.

4. O control das ET.



<p>- PARTE III - OS FACTORES DAS RELACIÓNS INTERNACIONAIS</p> <p>Lección 9. O factor xeográfico e demográfico. Lección 10. O factor económico e o tecnolóxico. Lección 11. O factor ideolóxico. Lección 12. O factor xurídico.</p>	<p>Lección 9. O factor xeográfico e demográfico. 1. Incidencia do factor xeográfico nas Relacións Internacionais. A) Cuestións geoestratéxicas. B) Os recursos naturais 2. Incidencia do factor demográfico en Relacións Internacionais. A) Problemas demográficos actuais. B) Movementos internacionais de poboación.</p> <p>Lección 10. O factor económico e o tecnolóxico. 1. Incidencia do factor económico nas Relacións Internacionais. 2. Poder transnacional e orde económica internacional. 3. A incidencia do desenvolvemento tecnolóxico nas Relacións Internacionais. 4. O progreso técnico e a competición internacional.</p> <p>Lección 11. O factor ideolóxico. 1. A incidencia da ideoloxía nas Relacións Internacionais. 2. A ideoloxía desde unha perspectiva política e económica. 3. A ideoloxía desde unha perspectiva cultural e relixiosa.</p> <p>Lección 12. O factor xurídico. 1. O Dereito internacional como ordenamento xurídico da Sociedade internacional 2. A creación e o desenvolvemento progresivo do Dereito internacional na Sociedade internacional actual</p>
<p>- PARTE IV - A DINÁMICA DAS RELACIÓNS INTERNACIONAIS: As INTERACCIÓNS ENTRE ACTORES E FACTORES NA SOCIEDADE INTERNACIONAL</p> <p>A) O CONFLITO</p> <p>Lección 13. Os conflitos internacionais e a súa resolución pacífica.</p> <p>B) A COOPERACIÓN</p> <p>Lección 14. Principais ámbitos da cooperación internacional.</p>	<p>A) O CONFLITO</p> <p>Lección 13. Os conflitos internacionais e a súa resolución pacífica. 1. Os conflitos internacionais: concepto e clases. 2. Os conflitos armados: A) A prohibición da ameaza ou do uso da forza, e a lexítima defensa. B) A regulamentación dos conflitos armados C) O Dereito internacional humanitario. 3. A resolución pacífica dos conflitos internacionais.</p> <p>B) A COOPERACIÓN</p> <p>Lección 14. Principais ámbitos da cooperación internacional. 1. A Sociedade internacional como sociedade baseada na cooperación e os intereses solidarios. 2. A protección internacional dos dereitos humanos 3. O desenvolvemento 4. O comercio internacional 5. A protección internacional do medio ambiente</p>

Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Proba obxectiva	A8 B3 C4 C1	2	0	2
Traballos tutelados	A36 A33 B15 B26	4	10	14
Simulación	A33 B1	4	10	14



Actividades iniciais	B1	3	6	9
Sesión maxistral	C3	108	0	108
Atención personalizada		3	0	3

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Proba obxectiva	Exame final escrito sobre os contidos da materia.
Traballos tutelados	Casos prácticos, cuestionarios e preguntas de reflexión sobre determinados contidos da materia, coas orientacións e tutorías do profesor. Poderán consistir en aprendizaxe cooperativo e poderán ir acompañados de foros de debate dirixidos.
Simulación	Representación dalgún proceso da realidade internacional con participación de suxeitos e/ou actores internacionais (por exemplo, o proceso de toma de decisións no Consello de Seguridade das Nacións Unidas).
Actividades iniciais	Representación do papel dalgún suxeito ou actor internacional a partir dalgunha situación de actualidade ou de relevancia internacional (por exemplo, o papel da Unión Europea da xestión de conflitos internacionais)
Sesión maxistral	Explicación teórica no aula dos contidos fundamentais da materia

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais Sesión maxistral Proba obxectiva Traballos tutelados Simulación	<p>A atención personalizada resulta esencial para un mellor rendimento do alumno e unha mellor adquisición das competencias esixidas.</p> <p>Requírese unha participación activa do alumno tanto na aula como nas titorías para que o profesor poida ter o maior número de elementos posíbeis para personalizar a docencia.</p> <p>No seu caso, estableceráse tutorías personalizadas e/ou en grupo para orientar ós alumnos no seguimento das sesións maxistras así como no desenvolvemento das diversas actividades da materia.</p>

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Actividades iniciais	B1	Valorarase a correcta execución formal e material do traballo, prestando atención ó dominio dos contidos, pero tamén ós aspectos reflexivos e expresivos, así como a adquisición das diversas competencias da materia	5
Sesión maxistral	C3	Valorarase positivamente a asistencia así como a intervención activa dos alumnos nas sesións maxistras	5
Proba obxectiva	A8 B3 C4 C1	Valorarase o coñecemento e dominio dos contidos, non só memorístico se non tamén reflexivo, así como a adquisición das diversas competencias da materia	70
Traballos tutelados	A36 A33 B15 B26	Valorarase a correcta execución formal e material do traballo, prestando atención ó dominio dos contidos, pero tamén ós aspectos reflexivos e expresivos, así como a adquisición das diversas competencias da materia	10
Simulación	A33 B1	Valorarase a correcta execución formal e material do traballo, prestando atención ó dominio dos contidos, pero tamén ós aspectos reflexivos e expresivos, así como a adquisición das diversas competencias da materia	10

Observacións avaliación



En canto ao sistema de avaliación en xeral, establécese un sistema de avaliación continua, que se articula ao redor da superación dun exame final, que suporá o 70% da cualificación global, e dunha serie de actividades dirixidas durante o curso, que representarán o 30% da cualificación global. O exame final, que se realizará ao final do semestre, desenvolverase de forma escrita e consistirá en diversas preguntas baseadas en epígrafes do programa. O nivel mínimo esixido para a superación desta proba é de 5 puntos sobre 10. En caso contrario, a materia non se considerará aprobada. Á súa vez, as actividades dirixidas, que se realizarán durante todo o semestre, consistirán, fundamentalmente, en actividades de simulación ou de rol, en traballos de investigación, de reflexión ou en casos prácticos, para cuxa elaboración ou resolución os alumnos contarán coas correspondentes orientacións e instrucións metodolóxicas, bibliográficas e documentais. As cualificacións obtidas nas actividades dirixidas teranse en conta para a cualificación final da materia nas dúas oportunidades da convocatoria de exames (maio/xuño de 2015 e xullo de 2015).

MODELO DE AVALIACIÓN A): Necesariamente, os alumnos deberán realizar as 3 actividades complementarias previstas na programación de actividades da materia. Pero puntuará para a avaliación global da materia só 1, que será elixido de xeito aleatorio polo profesor. O nivel mínimo esixido para a superación da actividade dirixida será dunha cualificación global de 5 puntos sobre 10. En caso contrario, a materia non se considerará aprobada. Os alumnos poderán beneficiarse das cualificacións obtidas nas actividades dirixidas durante as convocatorias ordinarias e/ou extraordinarias ás que teñan dereito no curso académico correspondente. Así mesmo, valoraranse positivamente para a cualificación global outras actividades que vaian organizando os profesores da materia ao longo do curso, como xornadas, seminarios, congresos ou actividades doutra natureza. Na avaliación global tamén se terá en conta positivamente a asistencia e a activa participación do alumnado nas clases, nas tutorías e nas demais actividades da materia.

MODELO DE AVALIACIÓN B): Os alumnos que non poidan seguir o modelo de avaliación A) deberán realizar un exame final escrito sobre os contidos da materia, cuxa cualificación será máxima será de 10 puntos sobre 10. Así mesmo, valoraranse positivamente para a cualificación global outras actividades que vaian organizando os profesores da materia ao longo do curso, como xornadas, seminarios, congresos ou actividades doutra natureza. Na avaliación global tamén se terá en conta positivamente a asistencia e a activa participación do alumnado nas clases, nas tutorías e nas demais actividades da materia.

Fontes de información

Bibliografía básica

- BARBÉ, E. (2007). Relaciones internacionales, 3ª ed. . Madrid: Ed. Tecnos
- DEL ARENAL, C. (2010). Introducción a las Relaciones internacionales, 4ª ed.. Madrid: Ed. Tecnos
- DEL ARENAL, C. (2014). Etnocentrismo y teoría de las Relaciones internacionales. Madrid: Ed. Tecnos
- DEL ARENAL, C. (coord.) (2015). Teorías de las Relaciones Internacionales. Madrid: Ed. Tecnos
- DÍEZ DE VELASCO, M. (coordinada por SOBRINO HEREDIA, J. M.) (2010). Las Organizaciones internacionales, 16ª ed.. Madrid: Ed. Tecnos
- ESCRIBANO ÚBEDA-PORTUGUÉS, J. (2010). Lecciones de relaciones internacionales. Madrid: Ed. Aebius
- GARCÍA PICAZO, P. (2013). Teoría breve de las relaciones internacionales, 4ª ed.. Madrid: Ed. Tecnos
- MERLE, M. (2000). Sociología de las relaciones internacionales. Madrid: Ed. Alianza
- PALOMARES LERMA, G. (2006). Las relaciones internacionales en el Siglo XXI. Madrid: Ed. Tecnos
- SOBRINO HEREDIA, J.M. (2016). Textos para el estudio del Derecho internacional público, Derecho de la Unión Europea y Derecho internacional de los espacios. Valencia: Ed. Tirant lo Blanch
- SOBRINO HEREDIA, J.M. (2016). Textos para el estudio del Derecho internacional público, Derecho de la Unión Europea y Derecho internacional de los espacios. Valencia: Ed. Tirant lo Blanch
- BARBÉ, E. (dir.) (2014). La Unión Europea en las relaciones internacionales. Madrid: Ed. Tecnos
- JACKSON, ROBERT H. (2007). Introduction to international relations. OxfordUniversity Press
- GOLDSTEIN, JOSHUA S. (2010). International relations. Longman
- ARMSTRONG, D. (2012). International law and international relations. Cambridge University Press
- SUR, S. (2011). Relations internationales. Montchrestien
- TAWIL, E. (2010). Relations internationales. Vuibert



Bibliografía complementaria	<p>RECURSOS WEB BANCO MUNDIAL (WB) http://www.worldbank.org COMISIÓN ECONÓMICA PARA AMÉRICA LATINA (CEPAL) http://www.eclac.org CONSEJO DE EUROPA http://www.coe.int CONFERENCIA DE NACIONES UNIDAS PARA EL COMERCIO Y EL DESARROLLO (UNCTAD) http://www.unctad.org FONDO MONETARIO INTERNACIONAL (FMI) http://www.imf.org FONDO DE LAS NACIONES UNIDAS PARA LA INFANCIA (UNICEF) http://www.unicef.org INSTITUTO DE DERECHO INTERNACIONAL (IDI) http://www.idi-iil.org ORGANIZACIÓN DE LAS NACIONES UNIDAS (ONU) http://www.un.org ORGANIZACIÓN DE LAS NACIONES UNIDAS PARA LA AGRICULTURA Y LA ALIMENTACIÓN (FAO) http://www.fao.org ORGANIZACIÓN DE LAS NACIONES UNIDAS PARA EL DESARROLLO INDUSTRIAL (ONUDI) http://www.unido.org ORGANIZACIÓN DE LAS NACIONES UNIDAS PARA LA EDUCACIÓN, LA CIENCIA Y LA CULTURA (UNESCO) http://www.unesco.org ORGANIZACIÓN MUNDIAL DEL COMERCIO (OMC) http://www.wto.org ORGANIZACIÓN INTERNACIONAL DEL TRABAJO (OIT) http://www.ilo.org ORGANIZACIÓN MUNDIAL DE LA SALUD (OMS) http://www.who.org ORGANIZACIÓN PARA LA COOPERACIÓN Y DESARROLLO ECONÓMICO (OCDE) http://www.oecd.org ORGANIZACIÓN DE LOS ESTADOS AMERICANOS (OEA) www.oas.org PROGRAMA DE LAS NACIONES UNIDAS PARA EL DESARROLLO (PNUD) http://www.undp.org TRIBUNAL INTERNACIONAL DE JUSTICIA (CIJ ? TIJ) http://www.icj-cij.org/ UNIÓN EUROPEA (UE) http://www.europa.eu THE WORLD FACTBOOK https://www.cia.gov/library/publications/the-world-factbook/ MEDIOS DE COMUNICACIÓN: Medios nacionales Medios internacionales EL PAÍS www.elpais.es ABC www.abc.es EL MUNDO http://www.elmundo.es/ LA VOZ DE GALICIA www.lavozdegalicia.com LA VANGUARDIA www.lavanguardia.es AGENCIA EFE www.efe.es EUROPAPRESS http://www.europapress.es BBC NEWS http://www.bbc.co.uk/mundo/ RT http://actualidad.rt.com/ CNN EUROPE http://edition.cnn.com/EUROPE/ REUTERS http://www.reuters.com/ RIA Novosti http://sp.rian.ru/ France 24 http://www.france24.com/ LE MONDE http://www.lemonde.fr/ LE FIGARO www.lefigaro.fr ALJAZEERA http://www.aljazeera.com/ PressTV http://www.presstv.ir/</p>
------------------------------------	--

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Hª política e social contemporánea/615G01109

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Sistemas políticos comparados/615G01202

Socioloxía económica e das organizacións/615G01207

Materias que continúan o temario

Traballo de grao/615G01420

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías